




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En relación coa cuestión suscitada sobre o acceso de alumnos de xornalismo que solicitan o traslado para continuar nesta universidade o segundo ciclo tendo realizado o primeiro ciclo consonte a planos previos á reforma noutras universidades, informase do seguinte:

- 1º O acceso ós estudos de xornalismo realízase a través dos correspondentes procedementos de selección de alumnos, tanto para o primeiro como para o segundo ciclo posto que están sometidos a límite de prazas.
- 2º A continuación de estudos no suposto de que os planos de estudos sexan diferentes deberá someterse a un procedemento de adaptación, dado que o recoñecemento de plano do primeiro ciclo somentes cabe realizalo cando son planos de estudos homoxéneos.
- 3º Se ben é certo que ó segundo ciclo de xornalismo pódese acceder con calquera primeiro ciclo, para exercitar este acceso han de someterse os alumnos ó proceso de ingreso establecido e só poderán acceder ó segundo ciclo tantos alumnos como prazas ofertadas.
- 4º Así tanto os alumnos que ingresen pola quenda de titulados (5% das prazas para alumnos de novo ingreso no primeiro curso) como os alumnos de planos vellos que como consecuencia do traslado deban someterse á adaptación, non se beneficiarán dos ingreso directo no segundo ciclo xa que este hai que entendela en termos restrictivos.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 1997
**O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIÓNS**



Celso Rodríguez Fernández